Evitar a opacidade é primordial, para poder garantir o interese xeral e fiscalizar con bo criterio a actuación dos poderes públicos, tal e como xa foi posto de manifesto por algunhas institucións internacionais do talle da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), a Comisión Europea ou o Consello de Europa, e son numerosos os poderes públicos que regularon nos últimos anos tal actividade, no que se contan varias comunidades autónomas. Con esta lei incorpóranse á normativa da Xunta de Galicia os principios reguladores que os organismos internacionais reflectiron nas súas

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

recomendacións. Unha actividade que debe ser pública para que a cidadanía teña pleno acceso á información sobre todo o que incide no comportamento das institucións e das autoridades.

Cabe recordar que os poderes públicos están obrigados a facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social, ben directamente ou mediante representantes, tal e como establece a Constitución española nos seus artigos 9.2 e 23. Ademais, a Constitución tamén garante, no seu artigo 103, a obxectividade da Administración pública na consecución do interese xeral e a imparcialidade do persoal funcionario no exercicio do seu cargo.

No mesmo sentido, o *Estatuto de autonomía de Galicia* recolle, no seu artigo 4, que "correspóndelles aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social". Este dereito da cidadanía galega a participar, de forma individual, ou colectiva na vida política, económica, cultural e social de Galicia, ao mesmo tempo que promover a participación dos axentes sociais e do conxunto da sociedade civil nos asuntos públicos, ten igualmente o seu sustento legal no artigo 28.1 do propio Estatuto, que recoñece a competencia da Comunidade Autónoma galega para regular o réxime xurídico da Administración pública de Galicia.

A *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno* recolle e define aqueles suxeitos aos cales serán aplicables as obrigas de transparencia e regula, así mesmo, a obriga doutros suxeitos de colaboraren con aqueles na satisfacción das solicitudes de información pública. Pero deixa fóra do seu ámbito a actividade concreta aos grupos de interese, os cales deben ser obxecto dunha formulación específica, no ámbito do fomento do diálogo transparente cos grupos de interese da sociedade galega e da súa implicación no deseño das políticas públicas. Esta lei supera tal omisión, pese a que, desde o punto de vista do ordenamento da Unión Europea, xa se contaba daquela co antecedente do Acordo Interinstitucional do Parlamento Europeo e a Comisión Europea do 23 de xuño de 2011, cuxa versión revisada entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2015.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

II

A lei estrutúrase en cinco títulos, vinte e tres artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións finais.

No título preliminar regúlase o seu obxecto e o ámbito de aplicación, delimitando o que se debe entender como actividade de grupo de interese e o seu ámbito de aplicación.

O Rexistro de grupos de interese está regulado no título segundo, e divídese en tres capítulos. O primeiro fai referencia ao seu réxime de funcionamento, e establece o seu carácter público e gratuíto para dar coñecemento á cidadanía da identidade desas persoas e organizacións; así como das actividades que estas realizan ante a Xunta de Galicia, o que supón a aplicación, necesaria e ineludible, dos principios de transparencia e publicidade en relación coa Administración pública. No capítulo segundo establécese, con carácter de mínimo, un código de conduta para os grupos de interese, de obrigado cumprimento. No capítulo terceiro prevense os mecanismos que se poden facer servir para controlar a veracidade dos datos achegados ao Rexistro de grupos de interese, que consistirán en actuacións de verificación, procedementos de alerta, tramitación de denuncias e investigacións para o efecto, que deberán ter o seu correspondente desenvolvemento regulamentario.

O título terceiro establece a necesaria coordinación e control en todo o relacionado cos grupos de interese co Comisionado da Transparencia, segundo se regula na *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,* para que poda ter a información necesaria, á súa vez establece que poderá solicitar a documentación que considere precisa no cumprimento das súas funcións e levar a cabo as acción de control.

O título cuarto inclúe a regulación do que a doutrina denomina habitualmente pegada normativa, e que fai referencia á publicidade dos contactos que a Administración pública manteña cos grupos de interese durante a elaboración dos anteproxectos de lei e os proxectos de decreto, debendo reflectirse nun informe que se publicará no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, co obxectivo de asegurar que a influencia destes grupos sexa transparente e non desproporcionada. Esta ferramenta de participación persegue mellorar a calidade das normas, abundar nas prácticas que definen o bo goberno e reducir o número de litixios, na medida en que se facilita a resolución de conflitos nos estadios anteriores á aprobación dos preceptos legais que deben rexer situacións nas que converxan intereses diversos.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

O título quinto recolle un réxime sancionador específico en materia de grupos de interese, no que se tipifican os feitos que se deben considerar infracción e as sancións que poden comportar. Da mesma maneira, clarifícanse os órganos competentes, en cada caso, para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores correspondentes.

As dúas disposicións adicionais inclúen os mecanismos de colaboración que se poderán adoptar coas entidades da Administración local e co Parlamento de Galicia para promover a transparencia na actividade de grupos de interese nos seus respectivos ámbitos.

Por último, as disposicións finais concretan a habilitación para o desenvolvemento da lei e a súa entrada en vigor.

TÍTULO I
DISPOSICIÓNS PRELIMINARES

Artigo 1. Obxecto da lei

1. O obxecto desta lei é regular a actividade dos grupos de interese na súa participación na adopción de políticas públicas e na elaboración dos proxectos normativos, de acordo cos principios de legalidade, publicidade, transparencia, rendición de contas e responsabilidade na xestión pública.

2. Considérase actividade de grupo de interese aos efectos desta lei, calquera comunicación directa ou indirecta, ca finalidade de influír na toma de decisións públicas levada a cabo por ou en nome dun grupo organizado de carácter privado ou non gobernamental, en beneficio dos seus propios intereses ou para terceiras persoas.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Considéranse grupos de interese as persoas físicas e as organizacións que, tendo ou non personalidade xurídica, leven a cabo a actividade á que fai referencia o artigo 1.2 desta lei, incluíndo as persoas e organizacións que a desenvolvan en nome de terceiras persoas, tales como consultarías, organizacións non gobernamentais, sociedades, asociacións industriais ou profesionais, colexios profesionais, sindicatos e organizacións empresariais, talleres ou grupos de ideas, despachos de profesionais, organizacións relixiosas ou organizacións académicas, entre outros.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

2.- Non teñen a consideración de actividade de grupo de interese para os efectos desta lei:

a) As reunións e actos de carácter meramente protocolario.

b) As actividades realizadas por entidades privadas en execución de funcións públicas, cando estean delegadas en virtude dunha lei.

c) A intervención en procesos de participación pública previstos en normas legais ou regulamentarias.

d) A participación en órganos colexiados de consulta e participación da Administración da Xunta de Galicia e do sector público instrumental regulados por normas legais ou regulamentarias.

e) As comunicacións e actividades, tanto de asesoramento como destinadas a obter información sobre a natureza ou o alcance de dereitos ou obrigacións das persoas, entidades sen ánimo de lucro, empresas ou grupos de empresas na aplicación dunha lei ou para o exercicio de dereitos ou iniciativas establecidos polo ordenamento xurídico.

f) As actividades relativas á prestación de asesoramento xurídico ou profesional vinculadas directamente a defender os intereses afectados por procedementos administrativos.

h) As actividades de conciliación ou mediación e arbitraxe levadas a cabo no marco da súa normativa específica de aplicación.

i) As actividades de conciliación ou mediación realizadas no marco da normativa vixente.

3. As disposicións desta lei serán aplicables aos cargos públicos e persoal do sector autonómico, integrado, de acordo *coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas súas entidades instrumentais.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

TÍTULO II
Capítulo primeiro
Rexistro de grupos de interese

Artigo 3. Natureza e ámbito

1. No ámbito da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental crearase un rexistro de grupos de interese para facilitar a súa identificación pública e o control de todas as súas actividades, con independencia da canle ou medio utilizado.

2. O rexistro de grupos de interese é un rexistro electrónico, de natureza administrativa e carácter público e gratuíto. Os datos que conteña deberán estar dispoñibles periodicamente a través do Portal da Transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 4. Inscrición

1. Todos os grupos de interese deben estar inscritos no Rexistro de grupos de interese, e sen esta inscrición non poderán manter reunións ou entrevistas coas persoas indicadas no artigo 2.3.

2. A inscrición formalizarase a instancia dos grupos de interese, mediante a presentación dunha solicitude, e a resolución correspondente ditarase polo órgano responsable do rexistro nun prazo máximo de quince días. A recepción, remisión e notificación de solicitudes, declaracións, escritos e comunicacións entre o órgano responsable do rexistro e os interesados farase efectiva a través de medios electrónicos de acordo coa lexislación vixente en materia de procedemento administrativo.

3. A solicitude de inscrición deberase acompañar de información sobre as actividades que levan a cabo, os seus ámbitos de interese e o seu financiamento. Se se realiza tal actividade por conta de terceiras partes, tamén se deberá indicar a identidade dos suxeitos para os que realiza.

4. Xunto á solicitude e á información do apartado anterior, deberán formular unha declaración responsable pola que se declara que se dispón da documentación acreditativa correspondente e subscríbese a aceptación do código de conduta común ao que fai referencia o artigo 9 e das obrigas que comporta a inscrición.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

Artigo 5. Contido

1.- O rexistro deberá incluír, como mínimo, unha relación, ordenada por categorías, das persoas e organizacións inscritas, ca identificación da súa sede e do seu código de conduta.

2. O rexistro debe dar publicidade, a través do Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, das actuacións dos grupos de interese, especialmente das reunións e audiencias mantidas coas persoas do artigo 2.3 e das comunicacións, os informes e outras contribucións relacionadas coas materias tratadas.

Artigo 6. Obrigas e dereitos derivadas da inscrición

1.- A inscrición no rexistro comporta as seguintes obrigas:

a) Aceptar que a información proporcionada se faga pública.
b) Garantir que a información proporcionada está completa e é correcta e fidedigna.
c) Cumprir o código de conduta.

d) Aceptar a aplicación do réxime de control e fiscalización dos incumprimentos que establece esta lei ou no código de conduta.

2.- A inscrición no rexistro da dereito a:

a) Presentarse como grupo de interese.

b) Facer constar a súa contribución nas consultas públicas en calidade de grupo de interese.

c) Ser informado sobre actos e consultas públicas respecto das actividades e iniciativas da Administración da Xunta de Galicia.

d) Recibir información sobre a actividade formativa e de divulgación que, organizada pola Xunta de Galicia, poida ser do seu interese.

Artigo 7. Cancelación da inscrición

1. Son causas de cancelación da inscrición no Rexistro:

a) A renuncia expresa do solicitante por cese das actividades como grupo de interese.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

b) A morte ou incapacidade sobrevida da persoa individual.

c) A extinción da personalidade xurídica que, no seu caso, se ostente.

d) A disolución das formas de actividade colectiva organizada.

e) A perda sobrevida dos requisitos substanciais polos cales se houbese adquirido a condición de grupo de interese.

2. Existindo algunha das causas previstas no apartado anterior, a cancelación producirase, a instancias do interesado ou de oficio. Neste último caso se debe garantir, como trámite inescusable, a audiencia previa das persoas interesadas.

3. A resolución, que se notificará aos solicitantes ou interesados, deberá producirse no prazo máximo de un mes computable conforme ás normas previstas no artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 8.- Adscrición e informe anual

1. O rexistro de grupos de interese estará adscrito á consellaría competente en materia de transparencia da actividade pública, de acordo co regulado no artigo 30 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,* sen prexuízo das funcións que ao respecto se encomenden ao Comisionado da Transparencia, de acordo ao artigo 11 desta lei.

2. A persoa titular responsable do departamento ao que estea adscrito o Rexistro elevará ao Consello da Xunta de Galicia un informe anual sobre a súa actividade e funcionamento durante o exercicio, e sobre as actuacións de control e fiscalización dos grupos inscritos neste. Unha vez elevado o informe ao consello da Xunta de Galicia, remitirase ao Comisionado de Transparencia e ao Parlamento de Galicia, e publicarase no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Capítulo segundo
Código de conduta

Artigo 9. Código de Conduta

1. Os grupos de interese quedarán sometidos na súa actuación ao seguinte código de conduta:

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

a) Actuar de maneira transparente, identificándose co seu nome ou co da entidade para a que presten servizos.

b) Facilitar a información relativa á identidade da persoa ou organización a quen representa ou para a que traballan, así como os intereses, obxectivos ou finalidades desta persoa, organización ou da súa clientela.

c) Proporcionar información actualizada e non falseada no momento da inscrición no Rexistro e mantela actualizada permanentemente.

d) Non incitar por ningún medio ás persoas do artigo 2.3 a infrinxir a lei ou as normas éticas que lles sexan de aplicación.

e) Non tratar de influír de maneira deshonesta na toma de decisións ou na obtención de información.

f) Non ofrecer agasallos, favores ou servizos en condicións vantaxosas que poidan condicionar a neutralidade ou obxectividade das persoas do artigo 2.3.

g) Informar as persoas do artigo 2.3 con quen se relacione que están a actuar en calidade da súa inscrición no Rexistro.

h) Aceptar que a información proporcionada o rexistro se faga pública.

i) Aceptar que se fagan públicas as súas actuacións como grupo de interese, especialmente nas reunións e audiencias celebradas con altos cargos e autoridades e as comunicacións, informes e outras contribucións en relación coas materias tratadas.

j) Cumprir as medidas adoptadas no caso de incumprimento das obrigacións establecidas por esta lei ou polo código de conduta.

k) Colaborar co órgano administrativo responsable do rexistro para levar a cabo todas as actuacións de control e fiscalización ás que se refire o capítulo terceiro, proporcionando a documentación que se lle requira e facilitando a realización de cantas accións de comprobación e inspección sexan necesarias.

2. En todo caso, os grupos de interese poderán aprobar códigos de conduta máis esixentes que o regulado no apartado anterior.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

Capítulo terceiro
Control e fiscalización

Artigo 10. Control e fiscalización da información do rexistro

O control e fiscalización da información achegada polos grupos de interese inscritos no Rexistro levarase a cabo, nos termos que se establezan regulamentariamente, mediante os seguintes mecanismos:

a) Actuacións de verificación, polas que o órgano responsable do rexistro efectuará controis sobre a veracidade dos datos achegados, por propia iniciativa ou a instancias do Comisionado da Transparencia.

b) Procedementos de alertas polos que calquera persoa poderá alertar ao órgano responsable do rexistro en relación con algunha información incluída neste que sexa errónea ou que conteña unha omisión relevante.

c) Procedemento de investigación e tramitación de denuncias, polo que calquera persoa poderá formular unha denuncia ante o órgano responsable do rexistro, no caso de que aprecie incumprimentos do que dispón esta lei.

TITULO III
Coordinación co Comisionado da Transparencia

Artigo 11. Coordinación e control polo Comisionado da Transparencia

A consellaría competente en materia de transparencia da actividade pública, realizará as actuacións necesarias para que o Comisionado da Transparencia, segundo regulase no artigo 32 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,* teña a información precisa e puntual en todo o relacionado cos sistemas de control e fiscalización dos grupos de interese. En todo caso, tal comisionado poderá solicitar a información que considere precisa no cumprimento das súas funcións, así como levar a cabo as actuacións de control que para o efecto considere necesarias.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

TITULO IV
Grupos de interese na elaboración normativa

Artigo 12. Informe de participación nos procesos de elaboración de normas

1.- Cando as actividades dos grupos de interese teñan a finalidade de influír na elaboración e adopción de anteproxectos de lei e de proxectos de decreto, a consellería competente para a súa tramitación emitirá un informe onde conste a identidade das persoas; así como a data e o obxecto dos contactos, directos ou indirectos, orais ou escritos, que mantivesen con aquela finalidade. Este informe dirimirase sen prexuízo do resto de informes previstos nas normas que regulan a participación cidadá ou a audiencia pública nos proxectos normativos.

2.- Os grupos de interese non poderán dispoñer dos anteproxectos de disposicións normativas de calquera natureza antes de que estes resulten accesibles ao público en xeral.

3.- O informe deberá ir anexado ao anteproxecto de lei que a persoa titular da consellería competente eleve ao consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación. E deberá publicarse a través do Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Proceso de negociación previa á elaboración de normas

1. Cando a Xunta de Galicia considere que, pola elaboración e aprobación dun proxecto de lei ou dun decreto, hai intereses que poden resultar afectados, poderá acordar, en función da materia e á vista das circunstancias concretas, levar a cabo un proceso de participación ou negociación cos grupos que actúan en defensa daqueles intereses, tendo este proceso carácter previo ao comezo do procedemento de elaboración desas normas.

2. O acordo de inicio do proceso de negociación deberá identificar todos os intereses que poidan resultar afectados pola aprobación da norma, de acordo cos principios de obxectividade, imparcialidade, pluralidade e non discriminación.

3. O acordo designará á persoa ou persoas, altos cargos públicos ou persoal empregado público, que representarán á Administración neste proceso.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

Artigo 14. Principios do proceso de negociación

1. Unha vez acordado o inicio dun proceso de negociación, a Administración deberá conducir este proceso con dilixencia e boa fe.

2. A persoa ou persoas responsables da ordenación deste proceso deberán actuar imparcialmente, garantirán a igualdade das partes e axudarán ás persoas participantes na negociación para conseguir os compromisos e decisións que consideren adecuados.

3. No proceso de negociación garantirase a pluralidade das partes e dos diferentes intereses, e a publicidade do resultado do proceso negociador.

Artigo 15. Compatibilidade coa participación cidadá e a audiencia

1. A realización dos procesos de negociación regulados neste capítulo é compatible e non substitúe a utilización das ferramentas e trámites de participación cidadá previstos na normativa vixente.

2. Cando se realizase un proceso de negociación previa dun decreto, con independencia do resultado deste proceso e co fin de garantir a igualdade participativa, deberá efectuarse necesariamente o trámite de audiencia.

Artigo 16. Carácter non vinculante do resultado da negociación

1. O resultado do proceso de negociación non vinculará á Administración da Xunta de Galicia. No caso de que a Xunta de Galicia se separe do contido do resultado do proceso de negociación, deberá motivar as razóns polas que este non resulta conveniente para o interese xeral, é contrario ao ordenamento xurídico ou versa sobre materias non susceptibles de transacción.

2. A desvinculación da Xunta de Galicia respecto do resultado dun proceso de negociación non dará lugar a ningunha indemnización aos participantes nesta negociación.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

TÍTULO V
RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 17. Principios xerais

1. O incumprimento dos deberes e as obrigacións establecidos nesta lei, comporta a aplicación do réxime sancionador regulado neste título.

2. Son aplicables, en todo o que non determina este título, os principios e preceptos xerais sobre o exercicio da potestade sancionadora e o procedemento sancionador establecidos pola normativa aplicable en materia de réxime xurídico e procedemento administrativo.

3. O incumprimento das obrigas establecidas por esta lei ou polo código de conducta poderá dar lugar á suspensión temporal da inscrición no rexistro de grupos de interese e, se o incumprimento é grave, á cancelación da inscrición.

Artigo 18. Infraccións dos grupos de interese

Para os efectos desta lei, as faltas clasifícanse en graves e leves.

Así, considéranse infraccións das persoas e organizacións consideradas grupos de interese as seguintes:

1. Infraccións graves:

a) Tratar de influír de maneira deshonesta na toma de decisións públicas ou na obtención de información. Entenderase como deshonesta a utilización de engano ou o ofrecemento de agasallos, favores ou servizos en condicións vantaxosas que poidan condicionar a neutralidade ou obxectividade das persoas referidas no artigo 2.3, sen prexuízo do que establece o Código penal.

b) Incitar ás persoas do artigo 2.3 a infrinxir a lei ou as normas éticas que lles sexan de aplicación

c) Inscribirse no rexistro con datos ou documentos falsos, ou omitir deliberadamente datos e documentos que deberían ser achegados.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

d) Manter contactos ou reunións coas persoas do artigo 2.3 coa finalidade de realizar a actividade de grupo de interese sen estar inscrito no rexistro correspondente.

e) Realizar accións ou omisións co obxecto de impedir ou dificultar o adecuado desenvolvemento das funcións de control e fiscalización previstas nesta lei.

f) Omitir deliberadamente a condición de grupo de interese coa finalidade de realizar indirectamente a actividade sen a preceptiva inscrición no rexistro.

g) A comisión dunha falta leve cando xa fose sancionado, por resolución firme, por outra da mesma natureza no prazo de dous anos.

2. Infraccións leves:

a) Incumprir as obrigacións derivadas do código de conduta que non estivesen cualificadas como graves de acordo a o epígrafe anterior.

b) Non actualizar a información achegada ao rexistro cando corresponda.

Artigo 19. Infraccións dos altos cargos e persoal público

1. Considérase unha infracción para os altos cargos públicos manter ou consentir a inclusión na axenda de traballo de reunións ou entrevistas coas persoas ou organizacións consideradas grupos de interese cando non cumprisen o deber de inscrición no Rexistro correspondente.

A infracción considerarase grave ou leve en función da reincidencia ou reiteración das reunións ou entrevistas.

2. Considérase unha infracción grave para os altos cargos públicos ordenar aos empregados públicos manter reunións ou entrevistas de traballo coas persoas ou organizacións consideradas grupos de interese cando non cumprisen o deber de inscrición no Rexistro correspondente.

3. Considérase unha infracción leve para o persoal empregado público manter, sen coñecemento nin instrucións previas do cargo público do que dependan, reunións ou entrevistas de traballo, cuxo contido revista as características descritas no artigo 1.1 da presente lei, coas persoas ou organizacións

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

consideradas grupos de interese cando non cumprisen o deber de inscrición no Rexistro correspondente, sen prexuízo do que, no seu caso, dispoña a normativa específica aplicable en materia de función pública.

Artigo 20. Sancións aos grupos de interese

1. As sancións que se poden aplicar aos grupos de interese son as seguintes:

a) Pola comisión de infraccións graves:

1º. A declaración de incumprimento e a súa publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, en todo caso.

2º. Unha multa de entre 601 e 6.000 euros.

3º. A cancelación da inscrición no Rexistro e a prohibición de volver inscribirse durante un período de un a dous anos.

4º. As sancións previstas nos puntos 2 e 3 do apartado a) de maneira conxunta.

b) Pola comisión de infraccións leves:

1º. A declaración de incumprimento e a súa publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, en todo caso.

2º. Unha multa de ata 600 euros.

3º. As sancións previstas nos puntos 1 e 2 do apartado b) de maneira conxunta.

2. A cancelación da inscrición no rexistro comporta a imposibilidade de realizar a actividade de grupo de interese fronte á Administración e a publicación da sanción no rexistro.

Artigo 21. Sancións aos altos cargos e persoal público

As sancións que se poden aplicar aos altos cargos públicos da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental son as seguintes:

1. Pola comisión de infraccións graves:

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

a) Unha multa de entre 601 e 6.000 euros.

b) A declaración do incumprimento e a súa publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

c) As sancións previstas nas letras a) e b) do apartado 1 conxuntamente.

Estas sancións serán en todo caso independentes das que se poidan establecer por incumprimentos do Código ético institucional da Xunta de Galicia e que poderá dar lugar, no seu caso, ao cese do alto cargo público.

2. Pola comisión de infraccións leves:

a) O apercibimento polo incumprimento.

b) Unha multa de ata 600 euros.

c) As sancións previstas nas letras a) e b) do apartado 2 conxuntamente.

3. As sancións aplicables ao persoal empregado público, serán as establecidas nos réximes disciplinarios correspondentes de aplicación.

Artigo 22. Competencia sancionadora

1. Os órganos competentes para ordenar a incoación do procedemento sancionador son:

a) O consello da Xunta de Galicia, cando se trate dalgún dos seus membros ou dalgunha das persoas físicas ou xurídicas a que fai referencia o artigo 2.3.

b) A persoa titular do departamento competente en materia de transparencia, no caso de cargos públicos da Administración da Xunta de Galicia ou do seu sector público instrumental.

c) Os órganos competentes determinados na normativa sectorial correspondente, no caso de persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

2. A competencia para instruír o procedemento sancionador corresponde aos seguintes órganos:

   a) O órgano do departamento competente en materia de transparencia que se determine regulamentariamente, no caso de que a persoa responsable da infracción sexa membro da Xunta de Galicia, cargo público da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental ou algunha das persoas físicas ou xurídicas a que fai referencia o artigo 2.3.

   b) Os órganos que determine a normativa sectorial correspondente, no caso de que a persoa responsable da infracción sexa persoal empregado público.

3. Os órganos competentes para resolver os procedementos sancionadores son:

   a) O consello da Xunta de Galicia, cando o procedemento sancionador afecte a algún dos seus membros. No caso de que afecte os suxeitos incluídos no artigo 2.3, será competencia do consello da Xunta de Galicia a resolución dos procedementos pola comisión de infraccións graves.

   b) A persoa titular do departamento competente en materia de transparencia, no caso de cargos públicos da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental. Neste caso deberá escoitarse, de maneira previa á resolución do procedemento, o criterio da persoa titular do departamento onde preste servizos a persoa afectada ou de quen dependa a entidade pública onde preste servizo esta persoa.

   A persoa titular do departamento competente en materia de transparencia será tamén competente para sancionar ás persoas físicas ou xurídicas a que fai referencia o artigo 2.3, no caso dos procedementos pola comisión de infraccións leves.

4. No caso de altos cargos adscritos ao departamento competente en materia de transparencia, as competencias establecidas nos apartados 1. b), 2.a) e 3. b) do presente artigo serán exercidas polo titular do departamento competente en materia de administracións públicas.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

Artigo 23. Prescrición das infraccións e as sancións

1. O prazo de prescrición das infraccións será de dous anos para as graves e dun ano para as leves.

2. O prazo de prescrición das sancións será de dous anos para as sancións pola comisión de infraccións graves, e dun ano para as sancións pola comisión de infraccións leves.

3. No caso de infraccións cometidas por funcionarios públicos ou persoal eventual, o prazo de prescrición será o establecido na normativa reguladora do réxime disciplinario que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. Colaboración con outras administracións públicas

1. A Xunta de Galicia colaborará coas entidades da Administración local para promover a adopción de normas que regulen a transparencia da actividade dos grupos de interese no ámbito da Administración local. Con esta finalidade, adoptaranse mecanismos de colaboración para posibilitar a posible xestión centralizada dos rexistros por parte do Rexistro de grupos de interese regulado nesta lei.

2. Tamén se adoptarán mecanismos de colaboración cos rexistros que se poidan crear por outras administracións públicas.

Disposición adicional segunda. Réxime específico do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia, no ámbito da súa independencia, promoverá as modificacións necesarias no seu Regulamento para regular a transparencia da actuación dos grupos de interese na actividade lexislativa. Con esta finalidade, poderase acordar a adopción de mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Administración da Xunta de Galicia para a xestión centralizada dos rexistros por parte do Rexistro de grupos de interese regulado nesta lei.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derrogadas todas as disposicións do mesmo ou de inferior rango que se opoñan o disposto nesta lei.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Disposición final primeira. Habilitación normativa

1. Facúltase á Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei, así como para establecer os protocolos de actuación que se consideren necesarios para a súa aplicación.

2. A Xunta de Galicia aprobará o desenvolvemento regulamentario necesario para a organización e funcionamento do rexistro de grupos de interese no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

1. Esta lei entrará en vigor no momento da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

ANTECEDENTES

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei Foral 5/2018, do 17 de maio, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (Comunidade Autónoma de Navarra).
- Lei 5/2017, do 1 de xuño, de Integridade e Ética Públicas (Comunidade Autónoma de Aragón).
- Lei 19/2014, do 29 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (Comunidade Autónoma de Cataluña).
- Acordo Interinstitucional do Parlamento Europeo e a Comisión Europea do 23 de xuño de 2011.
- Decreto 8/2018, do 20 de febreiro, polo que se crea e regula o rexistro de grupos de interese de Castela - A Mancha.
- Regulamento do Parlamento de Cataluña.
- Proxecto de lei, da Generalitat Valenciana, reguladora da actividade de *lobby* no ámbito da Generalitat e do seu sector público instrumental.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2018

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envio: 11/12/2018 11:39:14.601

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/12/2018 11:38:04

CSV: REXISTRO-tu3zhXgBw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 12.02.2019 Hora: 10:00

Orde do día

2. Comparecencias en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 45055(10/CPP-000091)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación actual do calendario e das perspectivas do Plan de transporte público de Galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
31 XAN. 2019
Núm. 45055

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
31 XAN. 2019
SAIDA
Num. 18

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade para informar "***da situación actual, do calendario e das perspectivas do Plan de Transporte Público de Galicia***".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SERDRÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 31/01/2019 13:59:35

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: rZFHrIGA91
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 37715(10/CPP-000081)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
72 SET. 2018
Núm. 37715

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
27 SET. 2018
SALIDA
Num. 303

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro do Medio Rural para informar **"das liñas xerais de actuación do seu departamento"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 27/09/2018 15:23:25

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: PuBMY93qs8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 12.02.2019 Hora: 10:00

Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 45115(10/MOC-000125)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 40247, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:42:10
Nº Rexistro: 45115
Data envio: 01/02/2019 12:42:10.394

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da **Interpelación 40247 (10/INT-001337)** debatida na sesión plenaria do 29 de xaneiro de 2019, sobre a política do Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas.

MOCIÓN:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar plans de continxencia reais, que permitan dispoñer de persoal de forma inmediata e que contemplen unha drenaxe dos ingresos áxil.
- Incrementar os efectivos profesionais nos servizos de urxencias tanto de atención primaria como de atención especializada de xeito permanente, acordando coas representantes sindicais das e dos traballadores as melloras necesarias no inmediato.
- Proceder á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario para absorber as necesidades de ingresos hospitalarios.
- Recuperar as prazas amortizadas tanto en atención primaria como hospitalaria, negociando coas representantes sindicais a súa oferta pública."

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

CSV: REXISTRO-ReGI1LsaW-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/02/2019 18:15:09

CSV: REXISTRO-S1KCiKTfK-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 12.02.2019 Hora: 10:00

Orde do día

6.3 45343(10/POPX-000129)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do autogoberno en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 18:29:21
Nº Rexistro: 45343
Data envio: 04/02/2019 18:29:21.555

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. Presidente, cal é a súa valoración sobre a situación actual do autogoberno en Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/02/2019 18:18:49

CSV: REXISTRO-EN8TOXqkF-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 12.02.2019 Hora: 10:00

Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 12.02.2019 Hora: 10:00

Orde do día

7.1 45339(10/PUP-000222)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os funcionarios que forman parte da mutualidade que substituíu ao Centro Galego de Bos Aires en Ospaña

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 18:10:25
Nº Rexistro: 45339
Data envio: 04/02/2019 18:10:25.980

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

Xustificación da urxencia.

O día 11 de febreiro de 2019, os socios/as do Centro Galego Bos Aires (CGBA) teñen convocada unha asemblea para decidir as medidas a tomar cara o seu futuro. A actitude que tome a Xunta de Galicia respecto a este cuestión pode ser clave na resolución do tema.

Polo sinalado anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno, con carácter urxente:**

Ten coñecemento a Xunta de Galicia de que funcionarios forman parte da Mutualidade que substituíu ao CGBA en Ospaña (avalada pola Xunta e o Goberno español)?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda

Deputada do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-eYSRYZ08u-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 18:10:25
Nº Rexistro: 45339
Data envio: 04/02/2019 18:10:25.980

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/02/2019 18:09:49

CSV: REXISTRO-eYSRYZ.d8u-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 43711(10/POP-005204)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre o investimento previsto pola Xunta de Galicia, no marco do programa Rexurbe, para a adquisición e posterior rehabilitación de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 12:55:26
Nº Rexistro: 43711
Data envio: 16/01/2019 12:55:26.423

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Goberno galego nos últimos anos veu intensificando a súa aposta pola rehabilitación de vivendas na nosa Comunidade a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído, mellorar as condicións das vivendas dos galegos e así incidir nunha mellor calidade de vida dos cidadáns.

Esta aposta responde a un compromiso expresado polo Partido Popular de Galicia no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016. Este programa, que dedicaba un epígrafe específico á recuperación dos cascos históricos facía unha mención expresa a unha actuación singular co nome Rexurbe e que se definía deste xeito: *"Realizaranse intervencións directas e intensas de carácter público adquirindo e rehabilitando edificacións completas para conseguir a recuperación de espazos urbanos moi degradados onde a iniciativa privada non realiza ningunha intervención debido ao alto grado de deterioro ou marxinalidade do ámbito. Deste xeito, recuperararanse importantes espazos urbanos conseguindo dinamizar economicamente estes ámbitos, protexer o patrimonio construído e fixar poboación nos cascos históricos de Galicia".*

Seguindo este compromiso, nesta lexislatura ademais das distintas liñas de axudas dirixidas aos propietarios e aos concellos para a rehabilitación de vivendas e dos contornos urbanos, a Xunta tamén está a impulsar outras actuacións directas de rehabilitación, en distintas cidades galegas, en inmobles que son da súa propiedade.

Recentemente, tamén anunciaba que ía seguir apostando por estas actuacións de rehabilitación directa, coa adquisición de novos inmobles en distintos centros históricos de cidades e vilas galegas.
O pasado 12 de xaneiro publicaba unha oferta pública de adquisición de inmobles nos núcleos históricos dos concellos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense que serán rehabilitados directamente pola Xunta no marco do Programa Rexurbe.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-HRKgV1C9u-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 12:55:26
Nº Rexistro: 43711
Data envio: 16/01/2019 12:55:26.423

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

- Que investimento prevé destinar a Xunta para a adquisición de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense no marco do programa Rexurbe, e para a súa posterior rehabilitación?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2.019.

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 16/01/2019 12:49:38

Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 12:49:49

Jacobo Moreira Ferro na data 16/01/2019 12:50:02

Marta Novoa Iglesias na data 16/01/2019 12:50:23

María Julia Rodriguez Barreira na data 16/01/2019 12:50:36

Gonzalo Trenor López na data 16/01/2019 12:50:57

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/01/2019 12:51:07

CSV: REXISTRO-HRKgV1C9u-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 45329(10/PUP-000221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 17:21:53
Nº Rexistro: 45329
Data envio: 04/02/2019 17:21:53.417

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén dada pola necesidade urxente de que o Goberno informe sobre a execución orzamentaria do Ministerio de Fomento en Galicia durante os anos aos que se fai referencia no texto expositivo.

Segundo os datos dispoñibles relativos ás execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento, entre os anos 2015, 2016 e 2017, o Goberno do Sr. Rajoy orzamentou investimentos por valor de 3.251,75 millóns de euros na comunidade autónoma de Galicia e executou por un total de 1.521,94 millóns de euros, segundo se mostra na seguinte táboa:

Ano	**2015**	**2016**	**2017**	**Totais**
Orzamentado (M€)	1.159,00	1.194,52	898,23	3.251,75
Executado (M€)	588,15	444,21	489,58	1.521,94
	50,75 %	37,19 %	54,50 %	46,80 %

Se nos referimos aos investimentos de ADIF no AVE, vemos que entre os anos 2015, 2016 e 2017, os datos son os seguintes:

Ano	**2015**	**2016**	**2017**	**Totais**
Orzamentado (M€)	702,49	802,42	481,33	1.986,24
Executado (M€)	277,91	230,37	302,57	810,85
	39,56 %	28,71 %	62,86 %	40,82 %

O anterior pon en evidencia que o compromiso dos gobernos do Partido Popular con Galicia sitúase, sendo xenerosos na cualificación, na metade do que manifestan as súas palabras iniciais. Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

CSV: REXISTRO-I5SYYMSRI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 17:21:53
Nº Rexistro: 45329
Data envio: 04/02/2019 17:21:53.417

Que valoración fai o Goberno galego das execucións orzamentarias do Goberno do Estado na comunidade autónoma de Galicia entre os anos obxecto desta pregunta?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2019 16:23:59

María Luisa Pierres López na data 04/02/2019 16:24:06

CSV: REXISTRO-fiSYYMSRf-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 45340(10/PUP-000223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Miami e Nova York anunciada polo presidente da Xunta de Galicia para reforzar as relacións económicas e comerciais cos Estados Unidos de América

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 18:15:06
Nº Rexistro: 45340
Data envio: 04/02/2019 18:15:06.035

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Moisés Blanco Paradelo, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, María Antón Vilasánchez, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e **Cristina Romero Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polo interese en que este Parlamento teña canto antes a información de primeira man sobre esta importante viaxe.

Exposición de motivos

Temos coñecemento da viaxe institucional a Miami e Nova York anunciada polo presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, acompañado dunha delegación galega e cunha marcada axenda económica e comercial.

A visita que comezará o martes 5 de febreiro incluirá numerosos encontros institucionais, económicos e culturais. Deste xeito, a innovación, o talento e o investimento, serán os temas centrais dos foros e reunións que se celebrarán con empresarios estadounidenses e nos que se incidirá en mostrar Galicia como un lugar atractivo onde investir. No eido económico, ademais, se exporán as oportunidades de nosa comunidade ante as cámaras de comercio de Miami e Nova York.

No eido cultural, destaca na axenda a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Institute of Fine Arts de Nova York, para a organización do simposio 'Imaxinando o Camiño de Santiago: itinerarios, narracións, mapas e visións. Ademais da habituais visitas á colectividade de galegos na emigración, o Presidente de la Xunta asistirá en Nova York á presentación da exposición 'Os adeuses', organizada polo Consello da Cultura Galega.

No eido do turismo, búscase achegar o Xacobeo 2021 non só a mercados fidelizados, senón tamén a mercados emerxentes como Estados Unidos. Así, xunto ao Clúster de turismo e os portos de A Coruña, Ferrol e Vigo se visitará ao Porto de Miami e se celebrará unha xuntanza coas principais compañías de cruceiros na cidade.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-vs6Y2PJQ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 18:15:06
Nº Rexistro: 45340
Data envio: 04/02/2019 18:15:06.035

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Polo tanto, esta viaxe ten unha clara vocación de colaboración na apertura de mercados e oportunidades para Galicia, que nos está a permitir vivir o mellor ciclo exportador desde 2013.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que avaliación realiza o Goberno galego da viaxe institucional do Presidente da Xunta a Miami e Nova York para reforzar as relacións económicas e comerciais con Estados Unidos?

Santiago de Compostela 04 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/02/2019 18:13:10

Maria Antón Vilasánchez na data 04/02/2019 18:13:21

Moisés Blanco Paradelo na data 04/02/2019 18:13:29

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/02/2019 18:13:37

Moisés Rodríguez Pérez na data 04/02/2019 18:13:49

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2019 18:13:59

Marta Novoa Iglesias na data 04/02/2019 18:14:10

María Isabel Novo Fariña na data 04/02/2019 18:14:19

Sandra Vázquez Dominguez na data 04/02/2019 18:14:29

CSV: REXISTRO-v9i5Y2P-JQ-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 44410(10/POP-005304)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns da facturación ás familias das reparacións dos equipos informáticos facilitados ao alumnado que forma parte da iniciativa de educación dixital E-Dixgal na modalidade de cesión de uso

Publicación da iniciativa, 423, 31.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44410
Data envio: 23/01/2019 14:35:47.097

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a externalización de custos da iniciativa de educación dixital E-Dixgal.

Hai xa oito anos que a Xunta de Galicia vén desenvolvendo iniciativas encamiñadas á dixitalización das aulas. Falamos, nun primeiro momento, do proxecto Abalar, complementado logo coa iniciativa dixital E-Dixgal que permite que no curso actual 2018/2019 uns 18.000 estudantes de 5º e 6º de Primaria así como de 1º e 2º da ESO de 267 centros educativos formen parte desta iniciativa.

A implementación do ensino dixital leva consigo, por suposto, un investimento importante en equipamentos para ter aulas dixitais, equipos para o alumnado e profesorado de uso persoal, un entorno virtual de aprendizaxe, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración.

As aulas dixitais son aulas que contan cun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun equipo para o profesor, e dun equipo para cada alumno. Ademais as aulas contan con conexión WIFI para que o alumnado e profesorado poda acceder aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu propio equipo.

CSV: REXISTRO-w04IzTTQb-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44410
Data envio: 23/01/2019 14:35:47.097

No que atinxe ao entorno virtual de aprendizaxe atopámonos cun espazo no que docentes e alumnas e alumnos poden acceder a contidos dixitais para 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO dos seguintes provedores: Edebé, Netex, aulaPlaneta e Pearson, os do Repositorio de contidos educativos dixitais (os centros teñen á súa disposición o Repositorio de contidos educativos dixitais do espazo Abalar, con máis de 3.200 recursos educativos dixitais complementarios en sete idiomas), ou os que o profesorado poda crear, seleccionar ou engadir ao entorno. O acceso a este entorno dixital é posible a través de calquera equipo con conexión a internet, a través das claves de acceso que lle serán entregadas ao alumnado no centro ou mediante os propios equipos co sistema offline.

No que se refire ao equipamento persoal do alumnado, a Xunta ten que garantir o acceso a un portátil a cada alumna e alumno participante na modalidade de cesión de uso. Equipos proporcionados polos centros, unha vez que as familias asinen un formulario de cesión de uso do mesmo .

De acordo coa explicación da propia web da Consellería "a utilización do ordenador portátil e das ferramentas e contidos dixitais instalados no mesmo é gratuíta para o alumnado. As familias comprométense a que o alumnado realice un uso axeitado do equipamento, ao coidado dun equipo público, que poderá ser usado noutros cursos por outros alumnos, e a unha utilización vinculada á actividade educativa para a que é cedido".

Porén, se ata este curso, era a propia consellería a que se encargada de atender os incidentes, coa posta en marcha do servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento avánzase na externalización do servizo e mesmo resulta que a gratuidade non está sendo tal toda vez que nos centros participantes veñen constatando problemas á hora de precisar soporte técnico derivado de accidentes que teñen lugar co uso normal dos equipos.

CSV: REXISTRO-w04lzTTQb-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44410
Data envio: 23/01/2019 14:35:47.097

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Tanto é así que dende o devandito soporte técnico se chegaron a remitir facturas de reparacións ás familias por contías case equivalentes ás de adquisición dos propios equipos.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Como explica o Goberno da Xunta de Galicia que se estea facturando ás familias?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/01/2019 14:25:49

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2019 14:25:56

CSV: REXISTRO-w04lzTTQb-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 43716(10/POP-005205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 13:02:08
Nº Rexistro: 43716
Data envio: 16/01/2019 13:02:08.485

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis densas e grandes das comarcas galegas. Esta decisión tivo que ver coa necesidade de resolver o problema derivado das vacacións dos profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias. Nalgúns centros, a ausencia do profesional de pediatría cóbrese con médicos de medicina familiar con algunha experiencia previa en atención pediátrica, ou con algunha formación en puericultura, pero unha gran parte deles non teñen ningunha cobertura.

Con motivo da decisión adoptada de agrupar o servizo en torno a determinados centros de saúde e, ao fío dunha interpelación e unha moción presentadas polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia non confirmou nin desmentiu que a agrupación de profesionais fose unha decisión con previsión de estabilidade, o que acentuou a preocupación de pais e nais que non tiñan certeza sobre a continuidade do servizo de pediatría en primaria, que se prestaba nos centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

O decisión de agrupar os profesionais está a ter consecuencias importantes na calidade do servizo, por unha banda, os pediatras teñen que atender a un maior número de doentes infantís, e nalgúns casos nin sequera son especialistas, e por outra, os pais e nais vénse obrigados a facer grandes desprazamentos e con horarios difíciles para a conciliación o que incrementa os problemas neste eido..

Así, por exemplo, a pediatra que tiña a praza no centro de saúde de San Sadurniño onde atendía os luns e os venres, e o resto dos días pasaba consulta en Cerdido os martes, nas Somozas os mércores e en Moeche os xoves, e por un concurso de traslado obtivo a súa nova praza en Pontedeume.

Segundo a Xerencia de Xestión Integrada do Sergas en Ferrol para consultas infantís as familias deberán desprazarse ata San Sadurniño onde o Sergas cubrirá os luns, mércores e venres cun médico puericultor e os martes e xoves con dous facultativos procedentes do Fontenla Maristany que en ningún dos tres casos posúen a especialidade en Pediatría.

CSV: REXISTRO-7BJSQF3ZI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 13:02:08
Nº Rexistro: 43716
Data envio: 16/01/2019 13:02:08.485

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que vai facer o Goberno galego para solucionar a grave situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2019 12:55:16

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 12:55:26

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 12:55:33

CSV: REXISTRO-7BjSQF3ZI-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 45316(10/PUP-000220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do funcionamento do servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás 24 horas do día

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45316
Data envio: 04/02/2019 16:29:46.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres** e **Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén xustificada pola preocupación social ao coñecerse a rectificación da Xunta de Galiza respecto das restricións horarias do servizo de hemodinámica no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) de Lugo, que contará co servizo de Hemodinámica as 24 horas.

Exposición de motivos

Desde o BNG aplaudimos a rectificación da Xunta e a extensión do servizo, tal e como reivindicaron persoal sanitario, forzas políticas e usuarios e usuarias durante anos. Esta é unha vitoria das persoas e forzas políticas que non se resignaron diante da discriminación que sofre o interior do país e que vén de conseguir a rectificación por parte do Partido Popular, sexa cal sexa a motivación fonda da súa decisión.

Porén, é unha inxustiza sen comparación que o Hospital de Ourense continúe sen Hemodinámica 24 horas e que o anuncio da ampliación de horas inclúa estoutra instalación.

CSV: REXISTRO-yQuyAcMTv-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45316
Data envio: 04/02/2019 16:29:46.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Vai deixar a Xunta de Galiza de pretender que as e os ourensáns escollan o horario no que ter un infarto estendendo hemodinámica ás 24h?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2019 13:14:23

María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2019 13:14:28

CSV: REXISTRO-yQJyAcMTv-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45316
Data envio: 04/02/2019 16:29:46.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2019 13:14:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/02/2019 13:14:31

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2019 13:14:32

Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2019 13:14:34

CSV: REXISTRO-yQJyAcMTv-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 42711(10/POP-005027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o cumprimento do convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e ratificado no ano 2000 respecto da finca de Lourizán, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:28:23
Nº Rexistro: 42711
Data envio: 08/01/2019 13:28:23.917

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

Na finca de Lourizán, en Pontevedra hai dúas belezas espectaculares: un bosque de valor botánico incalculable e un edificio de aire romántico do século XIX. Construído polo arquitecto Genaro de la Fuente Domínguez, del destaca a súa fachada cunha grande escalinata de corte imperial con balaustrada e estatuas. Esta fermosísima construción (integrada no Patrimonio Cultural de Galicia) fora residencia de verán do entón Presidente do Goberno Eugenio Montero Ríos e nel firmáronse importantes decisións políticas para o país, pois o pazo era centro de reunión de políticos, xornalistas, intelectuais e artistas.

Sobre o conxunto da finca e as obras de conservación da zona nobre hai dous convenios entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, un asinado o 22 de xaneiro de 1991 e outro o 21 de xaneiro de 2000 e en virtude de ambos, a Deputación Provincial cedeu por 30 anos á Xunta de Galicia o uso da finca e das edificacións. Non obstante, só fai falla dar unha volta pola finca para darse de conta de que a Xunta de Galicia non ten desenvolvido nin unha soa obra, pois o estado de conservación do pazo é lamentable e a seguridade inexistente. Esta última fin de semana, houbo multitude de desfeitas na finca e no edificio e un roubo nas oficinas da Xunta de Galicia que están na mesma finca, feitos que xa están en coñecemento da Policía Nacional.

CSV: REXISTRO-JLfPDvrvW-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:28:23
Nº Rexistro: 42711
Data envio: 08/01/2019 13:28:23.917

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai cumprir a Galicia as obrigas ás que se comprometeu no convenio firmado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e logo ratificado no ano 2000?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2019 10:55:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/01/2019 10:55:38

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2019 10:55:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2019 10:55:47

CSV: REXISTRO-JLfPDvrvW-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.02.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 43949(10/POP-005256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as axudas para previr os danos causados polo lobo e o porco bravo na gandería e nos cultivos agrícolas

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:55:38
Nº Rexistro: 43949
Data envio: 17/01/2019 12:55:38.707

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de publicar a convocatoria de axudas para previr os danos causados, polo lobo e o porco bravo, na gandeiría e nos cultivos agrícolas mediante a Orde de 19 de decembro de 2018 publicada no DOG nº 5 de 8 de xaneiro de 2019.

Dende o BNG consideramos que esta orde de axudas para impulsar medidas que incentiven a protección de cultivos fronte ós seus danos, carece de calquera eficacia preventiva, pois máis alá de contribuír moi marxinalmente a algunhas explotacións, deixa sen posibilidade de axudas á inmensa maioría dos afectados que poderían ter interese nesta convocatoria. Constátase esta afirmación tanto pola cuantía orzamentaria coma polas condicións esixidas para os beneficiarios/afectados, a primeira polo escasa e as segundas pola non observación da realidade agrogandeira do país dos galegos.

Con respecto ao xabaril valoramos que mentres non se destinen recursos para abordar un rigoroso plan de xestión das poboacións do xabaril a nivel galego, e atendendo as súas peculiaridades por comarcas, que aborde múltiples cuestións, entre elas tamén o considerar un deseño coordinado e planificado de actuacións de prevención de cultivos, pois, non se comezará a atender en serio o problema, e continuarase co disparate de articular medidas erráticas e que nada resolven. Non se pode continuar por

CSV: REXISTRO-czRAwaXd2-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:55:38
Nº Rexistro: 43949
Data envio: 17/01/2019 12:55:38.707

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis tempo con solucións parciais, improvisadas e de parche que sucesivamente se veñen aplicando, e que son indicativos dunha xestión ao chou e carente dun criterio de xestión técnico científico.

Con respecto ao lobo a cantidade consignada resulta totalmente insuficiente, supón na práctica un esforzo de escaso alcance e dificilmente permitirán acadar uns obxectivos preventivos eficaces. Boas prácticas de manexo no gando son garantía de reducir moito os danos de lobo, cara situacións moi excepcionais. Hoxe a maioría dos ataques responden a situacións facilmente corrixibles de favorecerse e impulsarse unha cultura de manexo e vixiancia do gando. As actuacións de manexo preventivo, mediante a combinación de medidas, e asistidos por un permanente asesoramento de diagnóstico e apoio na implantación de boas prácticas, pasa por ser a clave e solución á presenza do lobo cerca das explotacións gandeiras. Debe ofrecerse ás explotacións, unha atención inmediata e con sensibilidade, cunha dotación presupostaria axeitada e completa, e moito menos burocratizada. Que non é o caso, por moi baixa dotación e complexidade dos requirimentos.

Tamén valoramos que os problemas asociados aos danos que causan o xabaril, por unha banda, e o lobo (ou oso) por outra, son problemáticas independentes que deberían ter un trato administrativo diferenciado e, polo tanto, convocatorias e orzamentos separados establecéndose uns criterios propios e claros para cada especie, e non presentando unha redacción da orde con propostas de medidas comúns que propician maior confusión aínda.

Tanto para xabaril coma lobo, no caso dos peches fixos, a esixencia de ter tódolos permisos e licencias (licenza de obras municipal, autorización de augas, de patrimonio, de medio ambiente en caso de Rede Natura 2000,...) no momento da solicitude da axuda é descoñecer a lentitude e farragosidade dos mesmos, en todo caso unha declaración responsable de telas solicitadas no momento da tramitación da axuda.

CSV: REXISTRO-c2RAwaXd2-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:55:38
Nº Rexistro: 43949
Data envio: 17/01/2019 12:55:38.707

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensar que con pastores eléctricos que bordeen as fincas destinadas a cultivos xa solucionamos a prevención é descoñecer o problema de raíz.

Esixir na documentación os datos da PAC é descoñecer a realidade actual da horta convencional, así coma esixir os contratos de arrendamento das fincas. Outro tanto acontece co cultivo do boniato que non sabiamos tiña tanta importancia na horta galega.

A memoria técnica das características dos valados fixos ben merece unha revisión. Enterrar 30cms. unha estaca de 2m. é suficiente se se espeta en cemento, en terra supón un descoñecemento da realidade.

E así poderiamos seguir enumerando despropósitos e inexactitudes que ben merecen unha revisión a fondo polo ben dos sectores afectados polos danos desta fauna silvestre, que son inherentes a un territorio natural rico e san que tamén é preciso preservar por moitos outros beneficios ecosistémicos que prestan.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o rexeitamento que provocou nos sectores afectados tanto polo lobo coma polo xabaril o desenvolvemento e requisitos establecidos pola Orde que establece as bases reguladoras das axudas para prevención de danos e a escasa dotación das mesmas?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

CSV: REXISTRO-czRAwaXd2-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:55:38
Nº Rexistro: 43949
Data envio: 17/01/2019 12:55:38.707

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 12:52:15

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 12:52:21

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 12:52:23

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 12:52:25

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 12:52:26

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 12:52:28

CSV: REXISTRO-czRAwaXd2-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/